



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE ABRIL DE 2016.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de abril de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de abril de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **Don Julian Fernández Fernández**, con domicilio a efectos de notificación na avda. de Portugal nº 63, Mostoles (Madrid), número de expediente **RIB/C/26/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 13.04.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na rúa Muiño, San Cristovo (Ref. Catastral 1444214NG7814N0001LS), a solicitude de **Don Julian Fernández Fernández**, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Consellería de Sanidade, escrito sobre vixilancia sanitaria de auga de abastecemento.
- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución relativa a expediente de autorización para instalación dun centro de transformación e liñas eléctricas subterráneas das obras "LMT.CT. SAN LAZARO", na zona de policía da marxen esquerda dun arroio afluente do río Miño, solicitado por Unión Fenosa Distribución S.A.



- Da Xerencia Territorial do Catastro, información sobre coeficientes de actualización de valores catastrales.

- Do Servizo Municipal de deportes, comunicando acta do Consello Municipal de deportes de data 12 de abril de 2016.

- Da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comunicando acta-denuncia por infracción horario de local sito na Veronza, deste término municipal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE COLABORACION E ASISTENCIA NO FUNCIONAMENTO, CONSERVACION E MANTEMENTO DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado **“COLABORACION E ASISTENCIA NO FUNCIONAMENTO, CONSERVACION E MANTEMENTO DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 21 de marzo de 2016, mediante acordo de Xunta a Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedéndose a invitación de empresas en data 22 de marzo de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B, mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 14 de abril de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de "Colaboración e asistencia no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento da Alameda do Concello de Ribadavia", a empresa Eulen S.A., sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Colaboración e asistencia no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento da Alameda do Concello de Ribadavia” a empresa Eulen S.A., por importe de 70.180 € IVE incluído, e de acordo coa documentación adxunta a oferta relativa ao persoal a adscribir e mellora no servizo.

2.- Requerir o adxudicatario para que constituía a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

Así mesmo deberá presentar certificados de estar o corrente coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Facenda Autónoma.



3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adjudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACION, DUN CAMION BASCULANTE CON GRUA-PINZA PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade do contrato administrativo “**DA SUBMINISTRACION, DUN CAMION BASCULANTE CON GRUA PINZA PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA.**”.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Proposta de Alcaldía de data 13.04.16 en cumprimento do art. 22 do RDLEX 3/11.
2. Informe de Secretaría de data 18.04.16 no que se conclue o seguinte:
“Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas”.
3. Informe de intervención de data 18.04.2016.
4. Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 13.04.2016

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 110 TRLCSP e disposición adicional 2ª do T.RL.C.S.P.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para a realización do contrato.
3. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a prestación de dito servico, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Gestruck S.L., José Carrera Grande (Autos Carrera) e Automoviles Paco S.L.

NOMEAMENTO DE AVOGADO .-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Don David Vales González, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.0000058/2016A, contra Resolución da Alcaldía de data 17.12.2015, relativo a arquivo de expediente, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamiento no recurso contencioso-administrativo presentado por Don David Vales González, contra o referido acordo.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.



3. Facultar a Alcadía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia